

A NOVA TERRA

PREZOS DE S USCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PRAZA M.^a PITA, 17, baixo (Irmandade da Fala)

Número 95

A CRUÑA 25 DE XUÑO DE 1919

Notas marxinaes

Asamblea exemplar

Véñse facendo en Ponteareas a V Asamblea agraria da provincia de Pontevedra. Mais de trescentas sociedades labregas teñen n'ela representación. Son cidadáns exemplares que queren ceibarse das poutas do riestrismo e o bugallalismo. Son homes homildes que valen moito mais que os señoritos cursis e apodrecidos das vilas e que os estudantes dos principais centros d'ensíño da nosa Terra. Son os que proban a cotío que están mais "civilizados, que os ricos galegos e que os probetós bachilleres da clás meia que visten a *dernier*.

N'isa Asamblea agraria, onde ven tratándose do xeito mais comenente para actuar políticamente, xa que sin a acción política, canto se pense, faga e pida para Galicia será nulo, agora coma de cote, latexa un folgo barudo de redenzón e alumea a estrela tremelucente e xurda da esperanza en tempos novos e gorrilosos.

Os nazonalistas galegos ollamos con fondo amore a Asamblea de Ponteareas. Tódol-os nosos agarimos van cara a ela. N'ela estamos en espírito e en verdade.

Da crise

Caiu o Goberno de Maura e Cerva. Embarrancou en Coria. Era un Goberno tan absurdo que hastra o bobo que fixo de tanta soa Velázquez, de voltar a vida teríase que rir d'él. Deus lle perdoe. Inda que salmos de Málaga para entrarmos en Malagón, pois en troque do mauro cervismo témol-o idonelsmo mais analfabeto e antieuropeo con Sánchez de Toca, ama de cría da Azucareira Hespafiola, na cabeceira, pol-o que de sintomática ofrece a crisis, ven poderemos reloucar de ledicia.

As Izquerdas agora prometen seren benévola c'o idonelsmo. E isto si que nos parez ridículo. Porque cando menos Maura e Cerva eran a líña reuta da reacción. Non engañaban a ninguén. Facían erguer o espírito cidadán no yunque das protestas cotiás. Sabíase coma combatilos. Sinificaban o deslinde craro dos campos ideolóxicos.

CADRO-BRANCO

Cabanillas, o grande poeta, o poeta da Raza, ven traballando pol-o er-guemento da nosa poesía e do noso teatro. Inda con sacrificio veu a Cruña, fai poucas datas, para cousas relacionadas c'o progreso espiritual da nosa Terra.

¡Pero os idóneos! Son tan reacionarios com'os outros, inda que mais turbos e labercos. Contribuíron de xeito maior a ruina d'Hespaña e a entronización do caciquismo. Cando a guerra europea priváronnos d'unha comenente orientación internacional. Si elqui houbera senso común teríamos por mais odiosos ós idóneos que ós elementos do goberno derrubado. Pois para colmo foron treidores ó maurismo. Foron cobardes zancadilleiros...

Non; nós non podemos crer na boa fé d'unhas Izquerdas onde o conde de Romanones, o marqués d'Alhucemas, o Alcalá Zamora e o Gasset, aparecen coma revolucionarios. Estes terribres Izquerdistas fannos escachar de risa. E os republicanos que confían n'eles, inda mais.

A semana municipal barcelonesa

Houbo en Barcelona a quinta semana municipal. De Galicia non foi ningún representante. E non é estrano. ¿Non quedaríamos en facer na Cruña, primeiro, e logo en Santiago, unha semana municipal respondendo a unha iniciativa do malogrado Lois Porteiro, e todo ficou en palabras que ten levado o vento? ¡Canta probeza d'espírito, canta preguiza e canta ifloranza hai antre nós!

Na Semana municipal de Barcelona, o señor Cambó pronunciou un bô discurso. Todas as solucións han ser transitorias—dixo—sin un troque compreto na gobernación do Estado. Dudo que seña un ben ou un mal o que os gobernos dean solucións parciais á crise municipal d'agora, rexindo o Poder as mesmas persoas e os mesmos partidos actuaes. E imposible tratar da Facenda local sen ocuparse da do continxente provincial. Na Hespafiola teñen fracasado as Diputacións en rexións que posén un alto conceuto da sua vida. As Diputacións foron substituídas pol-o centralismo, que as convirtilu en orgaismos artificiaes para crebantare a vida municipal, única que podería esnaquizar o centralismo. A finalidade das Diputacións non é outra que perseguir os Municipios que non obedecen os mandatos de Madrid, esquecendo toda actuación cultural e de progreso. O continxente provincial é indispensable par'a actual Diputación. Hastra que iste orgaismo deixe de ser un instrumento do caciquismo, o continxente representará na vida provincial o que o látigo para o carreteiro. Co'a ameaza do continxente false claudicare ós Corcellos; os Concellos obedentes ó caciquismo non pagan continxente, e os reacios páganno coma un castigo e non coma tributo xusto. Namentras os gobernos teñan que ser oligarcas se non logrará a supresión dos continxentes, mais chegará unha data na que desaparecerán as Diputacións, substituíndos por corporacións comarcaes ou por mancomunidades de Municipios.

Agora que as Diputacións van reunírense, as verbas de Cambó veñen axeltadas.

O novo Goberno

Baixo a dirección de Sánchez de Toca—que facendo notas complicadas rifando co'a craridá asoméllase a Maura—forman Goberno os mais noxentos caciques d'Hespaña. Bugalla, s'ñor feudal en terras galegas—coma dixo o Sol;—Abillo Calderón, que persiguiu a un dino catedrático por lle dicir a verdade e que representa a mais moura cacquería palentina; Prado Palació, parvo de romate e cacique de Jaen a melas c'o lorito Alcalá Zamora...

¡Probe país!

CARTAS DA VILA

Materialismo perigoso

"Azorín, leu un discurso en Burdeos, no acto de se abrir aló a Exposición de pintura hespafiola. "Hespaña—dixo n'él—quere facer un esforzo supremo para renovarse. Comunicacións, ferrocarris, camiños, portos, obras públicas de todo xénero teñen de ser feitas a toda costa Hespaña ha transformarse; mais nesta transformación da míña patria se non esqueza que, por riba da materia, está o espírito. Rechazámol-a concepción materialista da Hestoria. A forza e a materia non teñen feito nunca grandes ós pobos..."

Pois isto meus irmáns, e o que nós predicamos a cotío. Porque onde queira, mais sobre todo en Galicia, a maoría das xentes, ind'as que teñen fachenda de cultas profesan n'un materialismo hestórico—valla a frase—fillo da inconscencia. Crén que o progreso d'unha rexión, ou d'un pobo, consiste no que poldéramos chamare mimetismo de progreso material. Se aquela rexión ou aquel pobo ten tantas industrias e tantos melos de riqueza, procuremos nós tel-os mesmo ou mais s'e posible. Y-entón, xa chegámos ó cume. Moitas escolas técnicas, moitas escolas de primeiro insíño, o maior número de cousas que nos fagan nos coñecementos e nos xeitos utilitarios de estilo unversal, lgoaes ós mais... Con todo esto, pensan

CADRO MOURO

Na Cruña, onde a calquer parvo ou a calquera vivo se lle fai un homenaxe, Cabanillas, o xenial artista, non tivo loubas nin agasallos. Soilo os seus bos irmás o agarimaron. Despois que morra xa lle facerán homenaxes os que falan d'amare as nosas cousas... cando lles convén.

coase todos, que un pobo ou unha rexión conquiritu unha cultura. E non, isto non será nunca senon a base para a elaboración d'unha cultura propia, que se non chega a facerse, trocará aquel pobo ou aquela rexión n'un corpo sen alma, n'unha organización sen espírito, n'unha fautoría de valores transitorios, desprezable no mundo das ideas, escrava do pensamento alleo e valeira do xeito de permanencia que fai dos fillos d'unha terra, membros d'unha relixión eterna.

Con esa concelción materialista do progreso das colectividades, pode filosoficamente chegarse a negarse o patriotismo *natural*, a forza mais grande dos homes. E un pobo ou unha rexión qu'elise pense, terá os ollos das terras civilizadas integralmente, na concencia universal, o mesmo creto e o mesmo valore que a muller pública na sociedade de cada vila. Tal que a muller pública, que non conta con nada de seu, posto que dende o estérno ó interno, dende o traxe ó amore, todo o troca conforme ás suas eixencias materiaes.

Unha Galicia grande e próspera materialmente, se non ten alma propia, cultura sua, un *ego ipsisimus* colectivo que arrinque do seo de tódol-os valores da raza, capaz de universalizala pol-a diferenciación—e o idioma é o primeiro elemento diferenciador—, non terá nada que poida redimila do xeito de perpetua colonia. Y-entón ficará sempre, coma de cote, sendo un país desprezable. D'aquela, galegos, non poseeredes unha patria endexamais. Nas nobres xustas do idealismo transcendente nunca salredes d'indocumentados. Nunca faceredes "centro"; sempre, sin persoalidade, será a vosa terra, terra d'extrarradio ou de barrio desprezable do mundo culto.

A. VILLAR PONTE.

Remitirásese "O Diputado por Veiramar", formosa novela do notabre poeta López Abente, a millor e mais moderna novela galega, a quen mande a ista Administración, TRES REÁS.

A quen mande DOUS REÁS, remitiráselle o "Compendio de Gramática Galega", do conecido escritor Leandro Carré.

Entrambos libros axilña s'agotarán.

Esposicións galeguistas

No prólismo Agosto facerásese na Cruña, como xa temos dito, a notabre esposición de traballos de Castelao. Quizais tamén en Agosto fágase na mesma urbe outra esposición de lenzos de Imeldo Corral.

Con motivo d'elas orgalzarásese unha serie de conferencias que estarán a cãrrego de nazonalistas de tanto valimento coma Cabanillas, Castelao, Risco, Viqueira, Quintanilla e Louzada Diéguez.

Os traballos de Castelao son realmente xeniales. Os cadros de Imeldo Corral ademirables. Imeldo é sin dúbida o paisaxista galego por escelenza. O pintor sen rival entre cantos levau, entre nós o lenzo, as visións feticelras da nosa Terra. Por certo que resulta vergoñoso, ruín, cativo, o xeito do Concello ferrolán ó negarlle ó insine artista unha modesta pensión que solicitou. Ise Concello da grima. Cando Imeldo esteña no cume da sua gloria os nomes dos que o compoñían no 1918-19 haberán que recordalos n'un cadro mouro permanente.

¿Qué ha de ser Galicia con xentes así?

Diante da Natureza

Pra Bernardino Varela

Pra Manoel Cabanillas

O monte está sereo,
os penedos vixían;
a gándara está virxe
d'a profanazón aínda.
Soilo as cibdás imbéciles
floran a consina.

Na rasa Natureza
todo rechouta e brilla:
de cote ten o encanto
d'a meiga poesía.

Soilo os salóns imbéciles
fan normas da mentira.

Xunt'o paisaxe ledo,
a fonte deita a linfa
na qu'ó sedento afoga
as mágoas d'a fatiga.

Soilo os villes imbéciles
n'alcol vil s'esnaquizan.

N-as leiras que dan froito,
sóbor chan que xermina,
o traballo fecundo
impón a lei da vida.

Soilo as cibdás imbéciles
co pitismo dan grima.

O agro, o agro, é a musa
d'ardente melonía
en onde a frol d'a loita
chea d'arume e limpa,
ergue seus cores roxos
ó cume que aloumiña,
falando ós peitos nobres
d'a redentora obriga.

Soilo as cibdás imbéciles
traicionan a consina...

R. BLANCO TORRES.

Terras de Salnés. Mes de Santiago.

O regionalismo en Franza

(Trecho do prólogo do regionalista bretón
Le Goffic ao libro de F. Jean-Desthieux,
"A evolución regionalista", que acaba de
se editar en Paris.)

Louis Blanc escribía dende o 1850:
<Que é París? Que é a Franza? Imagina-
devos unha leira; no canto de semental-a
en toda a sua extension, quixose botal-a
semente nun lugar unico onde corre o
perigo de non germolar, precisamente
porque hácha-se n'el amontoada. Iste
campo é a Franza; iste lugar é París>.

Ainda con mais forza Lamennais dicia:
<A centralización é a apoplexia do centro,
a paralisís das extremidades>.

Vede aquí o mal do que nós sofrimos e
que temos que curar. A unanimidade cua-
se total dos pensadores, dos mellores es-
píritos de todos os partidos, mostra que
non se trata d'un problema d'escola senon
d'unha custión vital. O vello mundo des-
faiuse. O mañá non somellará ao hoje. Mas
ja-agora s'impon un feito a todos os ob-
servadores: a tendencia centrífuga dos di-
versos grupos étnicos do antigo continen-
te. Unha aspirazón universal d'autonomia
arrastra a todos os povos, checos, yugo-
eslavos, finlandeses, catalans, etc. Como

pôr d'acordo ista corrente particularista
co'a corrente internacionalista que ao
mesmo tempo e con unha forza tan gran-
de, levaos á supresion das fronteiras? Cal
das duas correntes será a mais forte? Ou
ben despois de se opór conciliaran-se,
reuniran-se? E probable. Imos camiño
quizais de se constituiren patrias cada vez
mais pequenas como na Edade media.
D'un pó de naciós, de pequenas comuni-
dades étnicas ou lingüísticas, ás que a sua
debilidade mesma impora a necesidade
d'un lazo federal, formara-se a Europa de
mañá. O perigo está en que entremetres
todos estes elementos poidan se agrupa-
ren según as sua afinidás naturaes, unha
Prusia intacta e unha Alemaña fortemente
federada, exerzan sobre os mais próximos
unha atracción que equivalería agaña a sua
absorçón no imperio alemão. O bloque
das naciós latinas e anglosaxonas abonda-
rá pr'a facer contrapeso a ista medofenta
tugend-bund (Liga da virtude)? Podemol-o
esperar aínda. Mas iste bloque non será
sólido, non desenvolverá toda a sua potén-
cia mentres non haja satisfeito as aspira-
ciós que contén no seu seo e que d'outra
maneira tenderán á desfacel-o. Non hai
Anfictionia viabre más que a iste prezo. O
exemplo das colonias inglesas, investidas
d'unha ampla e flexibel autonomía, res-
pondendo á chamada da metrópoli, proba-
o craramente. Que proveito en troques
sacou Inglaterra da sua política egoista na
Irlanda? E entre nós en 1900 a prohibición
do bretón non estivo a punto de facer
xurdir unha nova *chounarie*? (1) Os anta-
gonismos interiores engendrados pol-a
centralización desaparecerán con ela.
Canta mais independencia teñan as células
do corpo nacional, mellor traballarán por
él. Según a fórmula que Michelet aplicaba
á República, as patrias futuras terán de
ser grandes amizades.

Le Goffic. Paris.

(Traduzón de V. Viqueira.)

A Irmandade da Cruña

A "Irmandade da Fala", da Cruña,
trocou o seu domicilio. Ao que tiña
no Paselo do Relleno falfábanlle as
condiciós percisas para os fis d'a-
quela asociación. Agora ven estabre-
céndose n'un espréndido local da
Praza de Maria Pita que olla tamén a
Mariña.

O novo local terá d'inaugurarse
solenemente moi axiña. Aló poden
acodire xa os irmáns cando desexen.
Porque a "Irmandade", da Cruña ten
mentes de traballar pol-a porpagan-
da do galeguismo con mais azo e al-
fividade que nunca. A sua vida e a
sua importancia son cada vez mei-
randes.

(1) Guerra civil da Vendée.—N. do T.

PENSANDO NA FUTURA PATRIA

NOVOS POETAS DE PORTUGAL

I

Aos leitores

Con un fondo interese ibérico encomenzo a escribir estes meus artigos. Galegos seamos conscientes da nosa importancia p'ra a futura fraternal Iberia e tan perto de Portugal e das outras culturas peninsulares, traballemos pol-a Irmandade de todas elas.

Falar-vos hei de poetas portugueses. Nada novo farei. Só interpreto unha antiga arela do noso povo. Ja po-lo ano de 1863 a revista *Galicia* que se publicaba na Crufia fixo o mesmo e po-los mesmos motivos.

Amiga a poesía é dos que divagan. Divagando conversarei convosco leitores con pensamento ceibe e quero que dos poetas digan sempre os seus versos, os seus milloros versos. (1)

II

Alfonso López Vieira

É este un dos mais grandes poetas europeos. Nas suas poesías reluma a alma da rasa e da terra d'alen do Miño, querida terra irmá. Ten as veces delicadezas sutís como nos seus libros *Os animais nosos amigos* e as *Scenas infantís* sobre as páxinas musicas de Schumann do mesmo nome. Mas, ás veces tamén a sua musa érguese brillante de saudades do pasado, de sede do porvir, e canta varudamente en sonoras aadas armunias. E asin remontando co'a sua intimidade historia de Portugal arriba atopou-nos e falounos agarimosamente nunha cantiga que os meus leitores ja cofiecen por se ter publicado na primeira pagina do número 30 d'A NOSA TERRA e escribiu *Ilhas de Bruma*, obra espléndida que moito vos recomendo, a vós que me ledes, pois hacharedes nas suas melodías e ritmos tecidos de verbos, ideas e imáxens ecos do voso propio enxebre esprito. Nun prólogo poético o autor mesmo di:

Revirei na minha alma, ó velhos temas penumbras da claridade.

É misterioso canta nestes poemas meu amor portugués--beljo e saudade...

E en prosa ao final do libro: "Mas se, por ventura houver neste livro um verso único que ajude a exprimir a Alma Portuguesa, o autor considerará este pequeno poema, em tal hora vindo, como sendo mais unha afirmação do supremo carácter da Raça—o Lirismo."

E agora mostrarei-vos alguns dos versos de Vieira que mais gusto de ler, ja que non todos, aínda que merecentes do mais grande louvar son eles. Denantes lembrarei-vos e espresarei por esto o meu maior agradecimento ao insigne e distintísimo poeta que permitiu-nos reproducir algunhas das suas composicións n'A NOSA TERRA.

(1) Util será tamen o meu traballo, co'os seus exemplos p'ra reforma ortográfica. Tarde ou cedo mellor cedo que tarde, chegaremos a un acordo ortográfico co'os portugueses p'ra a nosa maior eficacia no mundo, pois temos de cubizar unha cultura non aldeá senon mundial. Facendo isto non imitaremos senon somente volveremos á nosa propia antiga ortografía co'as modificacións que impon o presente. A ortografía que emprego neste meu traballo é a que eu propoño p'ra chegarmos a unha norma unificadora po-lo dagora.

O monje e o passarinho

Oin ña passarinha
cantar logu'en tan bon
son...

D. Alfonso o Sabio.

Como é o Paraiso?
—o monge nisto culdou...
Eis que a Virgem, num sorriso,
este milagre ordenou.

Sentou-se a sombra a seismar
o monge; e logo pertinho
começou a gorjear
o canto de um passarinho.

Lá do seu alto onde estaba
cantando um canto tam lindo,
aquela voz continuava
e o monge la-a ouvindo.

Em roda tudo era calma,
e o monge, sorrindo, ouvia
a terna voz que descia
aos ecos da sua alma.

Após um breve momento
o passarinho calouse...
Saudoso da voz tan doce
o monge foi p'ra o convento.

Mas quem tal acreditara?
Ninguem o lá conhecia,
todo o convento mudara
mudara tudo o que via!

O passarinho gorgendo
seu canto brando e macio,
trezentos anos a fio
aí estivera cantando...

* * *

Saudades tragico-maritimas

Chora no ritmo do meu sangue o Mar.
Na praia, de bruços,
fico sonhando, fico-me escutando
o que em mim sonha e lembra e chora alguém;
e oiço nesta alma minha
un longiquo rumor de ladainha,
e soluços,
de além...

Chora no ritmo do meu sangue, o Mar.
Sao meus Avós rezando,
que andaram navegando e que se fôran
olhando todos os céus;
sao óies que em mim choram
seu fundo e longo adeus,
e rezam na ansia crua dos naufragios;
choram de longe en mim, e o'ço-os bem,
choram ao longe em mim sinás, presagios,
de além, de além...

Chora no ritmo do meu sangue o mar.
O meu amor, repara
nos meus olhos, na sua mágua clara!
Ainda é de além
o meu olhar de amor
e o meu beljo tambem;
se son triste, é de outrora a minha pena,
de longe a minha dor
e a minha ansiedade.
Ve como te amo, vês?

Meu sangue é portugues,
minha pele morena
minha graça saudade,
meus olhos longos de escutar sem fim
o além, em mim.
Chora no ritmo do meu sangue, o Mar...

* * *

Sombras

As andorinhas, voando,
corram o azul com as asas,
e ao beiral melgo das casas
acolhem-se emfim pousando.

Sao assim os olhos meus
em suas penas sózinhas,
meus olhos as andorinhas
do beiral dos olhos teus.

Despois de leedes estas admirables poesias non vos estranará que p'ra elas fora composta musica. E certamente, foron musicadas algunhas de elas, as mais doadas, con gran talento po-lo insigne musico portugues Ruy Coelho levando a sua serie de *lieder*, o titulo de *Canções de saudade e amor*, (1) melodías de un sentimento modernismo e delicado.

JOHAN VIQUEIRA.

Prosas galeguistas

ORTOGRAFIA

Teño deprendido que Galicia ten prioridade lingüística sobor de Portugal, e creio que debemos conservare o sino d'isa prioridade. O idioma galego debe ser galego e non portugués. Neste estou c'o mestre Ribalta

Pro, millor quero o aportuguesamento qu'a castelanización. A língoa galega, co'a que se ten que pór n'unha forma defensiva é co'a castelana que é a que mais mal lle pode faguer. Neste estou c'o mestre Viqueira.

Non creio que sexa preciso uniformare a nosa ortografía. Eu son nemigo de toda uniformidade; penso qu'o que se debe facer é desuniformizar á xente. En cada terra seu uso, y-en cada roca seu fuso. Parece-me que é bó prá vitalidade da nosa literatura o que se conserven totalas variedads dialeutales do galego. Millor é ter unha língoa rica y-eternamente viva nos beizos do pobo, que nos meter a crear unha língoa literaria inédita e pedante. O que si compre ter mán, é na formación de neoloxismos, agora que

(1) Obras de Alfonso Lopez Vieira son as seguintes:

Para que?—Naufrago.—Auto de Sebenta.—O meu adeus—O poeta saudade.—«Marques»—Conto do Natal.—O encoberto.—Ar livre.—O pao e as rosas.—O pozo e os poetas portugueses (conferencia).—Monologo de vaqueiro (Gil Vicente).—Canções do vento e do sol—Rosas bravas.—Animais nosos amigos.—Auto da barca do inferno (Gil Vicente)—Canto infantil.—Bartolomen marreiro.—Poesias de Heine.—Inés de Castro na poesia e na lenda (conferencia).—A campanha Vicentina.—A poesia dos paineis de San Vicente (conferencia).—Poesias sobre as scenas infantís de Schumann.—Ilhas de Bruma.

comprende tantos c'o progreso dos tempos. Eiqui si que ven ben botar man da importación de verbas portuguesas. Pro, tocant'a ortografía, o millor e a libértá.

Eu, de ter preferencia por algunha, teríaa pola ortografía fonética, que foi a das nosas línguas romances hastra qu'a pedantería dos humanistas dos séculos XV e XVI trouxo isa macana da ortografía etimolóxica. Pro, ó mesmo tempo, a fonética ten o perigo de cair n'unha sorte de esperantismo ortográfico que non ten chiste ningún. Por iso, eu, como bó epígón, quero millor empregar a que xa se fixo crásica, a dos nosos hermes de fis do século derradeiro, a de Rosalía, de Curros, de Lamas, de Pondal. E polo d'hoxe, gracias a Dios, y-en boa hora vaia dito, vaime ben co'ela.

Ten a gracia decorativa dos apóstrofos, dos guiós, dos acentos circunflexos que lle dan un aire europeo que non debera perder. Non hai qu'esquecel-a estética que n'esto tamén a hai. E inda estaría millor si, contr'o parecer do mestre Ribalta adotaramos as consónantes dobres do portugués: ph, lh, ss, mm, que campan tan ben. ¿E logo non?

A PROVINCIA

Me non colle na testa como hai unha vila tan siquera qu'estea contenta de que lle chamen «capital de provincia». Hainas de 1.^a, 2.^a e de 3.^a com'os wagós do tren. O menos, eso din os catráticos d'Istituto e mail-os xefes de negociado y-os maxistrados d'Audencia... Eles saberán en que se diferencian. E mais, agora que se discurre tanto, pode qu'haxa algún aparato pr'as medire...

A verba provincia é depresiva, é cuasequ'un aldraxe. E unha calificación que rebaixa de categoría, que capitidimínuye, que pon a un anaco de terra n'unha situación de dependencia, de supeditamento, d'estare soxugada, dominada, gobernada por xente d'afora, suxeta a procedemento administrativo.

E unha verba máxica que desencadea sobor d'unha vila un pedrisco de segredarios, oficiás, aspirantes, ispeutores, axudantes, delegados, interventores, tesoureiros, conserxes, porteiros e mozos, xentes que poñen oficios, circulares, avisos, dificultás, que fan expedientes pra todo, que gastan millós de légoas cadradas de papel, agora que vai tan caro, e centos de moyos de tinta, qu'ispeucionan, ordenan mandan, apremian, cobran, esixen, fan reintegrar. A ús hai que lle chaman Usía, a outros Excelentísimo Señor, a outros Ilustrísimo; cand'un ten que lles escribir, hai que pór primeiro

«expone» e dempois «suplica», e decir qu'o fai un «con el respeto debido» ou «con el mayor respeto», y-hai que lles pedir que se «dignen» facelo y-ainda qu'un pida o xusto, concluy-un decindo que «es gracia que no duda obtener etc.» Teñen dous libros sagrados: un pra eles, outro pr'os seus administrados. O d'eles é o Escalafón: pr'os outros o Reglamento. Pubrican un xornal moi interesante, que se chama o Boletín Oficial.

Todo esto foi inocutado polos romanos, por aqueles contra dos que os nosos abós verteron seu sangue combatindo no Medulio. Son os restos que quedan do imperialismo dos Césares. N'esto vius'a convertire a soma das aguias angustaes, y-as ritualidás do procolo constantiniano. E o S. P. Q. R. qu'inda levamos tatuado no lombo.

VICENTE RISCO.

Ourense, mes de Santiago, 1919

CONTOS DE CASTELAO

PEITO DE LOBO

N'un serán morno, escoitando as arrans e os grillos, nasceu n'o meu mtolo vagarifiante a idea de facer un cabezudo pr'as festas d'a vila, e como n'aquel tempo d'a mña mocidade artística aínda íña n'os palotes d'a caricatura busquel o tipo mais feo d'o pobo pra facer escachar co'a risa a todol-os vecíños.

E atopeino; era un home c'un nariz cheo d'espullas. Aquelo non era nariz; aquilo era unha pataca con fillos.

Traballei con todol-os meus folgos pra rematal-a obra, que xa era sonada e que o meu creto de mafioso fixera-a anunciar con letras grandes n'o programa de festas, debaixo d'o «repique de campanas», e d'a «ducía de bombas de palenque».

E chegou o día. Na praza non collía unha agulla. N'o adro d'a trexa un rapaz toco tñía un felxe de bombas debaixo d'o brazo namentras o foguetelo soplabá na mecha agardando a primeira badalada d'as doce.

De súpeto tanxeu a campana, estouparon as bombas e unha «ben afinada banda», rompeu a tocar. A cousa xa non tñía remedio. Salu o meu cabezudo e n'o mesmo intre a xente ceibou unha risa mesta e san, d'aquelas risas qu'estalan n'as «comedias», cando caen no meu pobo os titiriteiros.

—¡E Peito de lobo! E Peito de lobo! dicían. Y-entón n'un currecho d'a praza xurdíron chlos firentes de mulleres que non podían atafegar un orneo que chegou a mín coma un tremor de terra. Era Peito de lobo que quería esnaquizá o cabezudo e mais a mín.

Aquel día o medo que tñen non me deixou gorentar o carneiro d'a festa. A cousa non era pra menos, pois Peito de lobo era tan forte que certo día querendo botar un barco ó mar afundeulle o costado c'o lombo e dín que nunca lle puxo as maus os fillos por medo de romperl'os osos. Era molto home pra mín, que xa me sentía frangulla n'as suas maus de ferro.

Cando estaba rematando de comer e mña nal comenzaba a dar gracias a Deus «por tanto ben coma nos dera», sinteuse ¡un Ave maría! n'a escada e apareceu diante de nós a muller de Peito de lobo.

—Véñoll'a decir que se garde ben d'o meu home.

Eu fiquel encorado escoitando c'os ollos arregalados.

—Aquel home nin comeu nin botou un grol de viño. Está á esbarafundar e dí qu'ha facer unha. ¿Sabe, señor? O que mais mal lle pareceu foron as espullas do nariz. Vostede é o pecado, señor... Eu xa lle dixen: pero, tí, home onde te fuches a pór pra que che qultase tan ben? Pois atá lle puxo os tirantes d'ourela de baeta, como leva o probiño pra que non lle

calgan os pantalons. ¡Se vostede lle quixera tirar as espullas e darlle outro coloríño mais blacuxelrol...

Aquela tarde salu sen espullas o cabezudo e Peito de lobo, preso pol-a muller e pol-o medo de matar un home, non veu as rodas de fogo e acochouse cedíño, ollando dend'o leito com'os foguetes de luces tingulan de prata, ouro, verde e rosa, as paredes encaladas, escoitando o son lonxano d'a música, o estalar dos foguetes e o estoupar d'as bombas... atá que canso de bulir n'o leito quedouse com'un santo.

* * *

Pasaron meses e un bó día atopeime con Peito de lobo n'a ribeira. O fitarme virose car'o mar e berroulle a un fillo qu'andaba enredando c'un barco:—Se vou ahí paréceme a mín que che vou a rasar n'as costas!

Eu xugando que xa non quería comer m'os mludos funm'a él e peteille co'a man nun hombreiro... e ó remate d'unha lería moi advertida fomos a tomar un neto.

O ano seguinte salu o cabezudo e Peito de lobo c'unha carpanta de anís escarchado fols'á el e doulle unh'apreta e un bico chamándolle. —¡Meu Irmanclño!

O tercelro ano salu o cabezudo con espullas n'o nariz, cousa que fixen por mandado d'o mesmo Peito de lobo. Non estaba ben qu'o seu Irmanclño non fose tan laído coma el.

Fuxíron os anos e fuxíron tamén as sardiñas pr'os xelteiros. Peito de lobo envelleceu de anos e de fame. As festas víñeron a menos coma os quíñons dos marñeiros; mais o cabezudo aínda saía, anque un pouco derreado pol-os malostratos que lle daba o sanclristán.

* * *

Fai dous anos estaba un forasteiro ollando o cabezudo, con ese ollar d'os que van as festas e non se adivirten nin mñgalla, cando Peito de lobo pousando os seus belzos de cor nazareno na orella do forasteiro ceibou quedíño istas verbas.

—Fíxese no cabezudo e repare en mín. O cabezudo son eu.

O cabezudo non volveu a saír. O sanclristán púxolle enriba d'a cachola o tumbo d'os difuntos, e c'a humidade do inverno aplacouse. Peito de lobo tampouco volveu a saír; un «aire de felesía», deixouno tolleito.

E o ano derradeiro pasando diante d'a porta de Peito de lobo vin-o sentado n'unha silla de palla ó balcón e coma eu lle dixera adeus, fitoume tristemente con ollos de peixe podre, namentras a sua muller díxome saudosamente

—Ala se fol o cabezudo!
ALFONSO R. CASTELAO

O noso Moisés^(*)

O nobre Ourens jou Moisés galiciano!
foi o teu santo monte Sinai.
Os mandamentos do petruclo enxebre
un día os procamaches dende alí.

E dende estonces, por Suevia adiante,
sentíuse un bafo de revolta e fé
que cada día máis s'espalla e corre
coma un regato que do monte ven.

Se lle poides unha pedra diante,
por riba d'ela as augas saltarán;
si c'unhas táboas vellas pretendes
fecharlle o paso, as táboas levarán.

Se un dique lle poides, tampouco o dique
consegurá qu'as augas volvan ir
pr'o monte d'onde veñen, qu'o seu sino,
regato ou río, é correr sin fin.

Tal as ideas dendes que son nadas
e do cerebro saen qu'as concebiu,
van recorrend'o mundo, sin qu'alcontren
caclique ou rei qu'as poida destruír.

Ti ergueches a bandeira redentora
e dend'O Tío Marcos loitador
con forza a defendeches sin acougo...
¡Gloria a Valentín Lamas precursor!

AVELINO RODRIGUEZ ELÍAS.

NOTAS DE ANTAÑO

A unidade da patria na Hestoria

Unha das maiores causas do atraso da Hespaña consiste en ter invertida a visión da realidade. Unhos pobos miran casi sempre pró porvir e progresan: outros miran principalmente pra o pasado e paralizanse. Hespaña sempre mira pra atrás; é o país dos precedentes; as cousas na Hespaña son boas ou malas según o arraigo que haxan tido no pasado; fai días púldose violar a Constitución no Parlamento, porque no século pasado tamén se violara; había precedente de violación e por iso púldose repetir. E asína en total-as cousas.

Por iso cando se fala da unidade da patria, moitas xentes non miran o problema pol-as ventaxas ou calamidades que poida traer, sinon porque é un desacato á nosa Hestoria; por iso o seu razonamento é sempre iste: "¡Qué horrendo crime desfaguer unha unidade que levou oito séculos de traballo!".

Mais un senso moderno fainos pensar sereamente as cousas e debemos ollar varilmente todol-os problemas.

Hal que ser fortes no pensar. ¡Sempre adiante, galegos, que o mundo sempre corre! ¡Modernízade o voso pensamento; tede un senso de modernidade pra todol-os problemas, si queredes ser un pobo que progrese e non un pobo que se entangarañe! Por iso, ó tratar da unidade da patria non fagades caso da cursillería da Reconquista!

¡Non abonda o tempo!; o tempo sempre é unha razón negativa; o tempo é o lastre que non deixa camiñar a Humanidade. ¡Romper unha unidade que levou oito séculos!... O mesmo dirían os indios ós conquistadores das Américas: "¡Por qué vides a matar a secular barbarie en que vivimos?", "¡Por qué vides romper o noso silencio?", dirían as tumbas de Flandes cando a man do home volva a fecun-

(*) No día do descubrimento do moimento qu'Ourens ergueu a memoria de Valentín Lamas Carvaxal.

dal-as. Sempre a mesma razón dan total-as cousas mortas.

Por iso non debemos perguntar, ¿canto tempo levou faguer a unidade da Patria? sinon que temos que perguntar: "¿Qué ventaxas conquerimos coa unidade da Patria os galegos? e ¿Qué ventaxas houbéramos conquerido si Galicia non houbera entrado na unidade feita pol-os Reises Católico? Cicais entoncos con Portugal poidera haber sido a Gran Potencia atlántica, mais forte que Inglaterra.

E tamén debemos perguntar: si a unidade da Patria perxudica, ¿pra qué a queremos?; e si non perxudica, sendo como é certo que nos levou á maior atraso da Europa, ¿de quen foi a culpa? E non sendo a culpa da unidade da Patria, ¿non é certo que tivo que ser de quenes a gobernaron?

E despois de todas istas preguntas debemos dirixirnos a total-as xentes de boa fé e dicirlles: "Si pois, queredes que a unidade da Patria rexurda trunfal e grande ¿non reconecedes que denantes teñen que sucumbir os culpabres? E os culpabres son isos patrioteiros da política, caclques da Hestoria, que vos falan d'unha Patria sua, mentras o pobo pensa n-outra Patria difrente... qu'inda non é sua.

L. PEÑA NOVO.

A estrada da libertade

Unha estrada na terra e outra estrada no mar:
os ajotados
cos ollos embazados
camiñan de vagar.
Mulleres esquecidas,
nenos nus,
pobres vellas espidas,
carnes aterecidas
sin amore e sin pan, sin achego e sin luz;
o feixe familiar esvencellado,
as leiras ermas, ermas as searas,
a esclavitú nos corpos e a esclavitú nas almas.
No chao abandonado
nin un latejo ergueito
de santa rebelión,
nas almas e nos corpos nin un feito
que señale o camiño de sol da redenzón.

Unha estrada na terra e outra estrada no mar:
os ajotados
cos ollos embazados
camiñan de vagar.
¡Oh terra asoballada sin patria e sin fogar!
Pra ti nunca houbo lei nin justicia nin dor.
Buscando pan e amor
van as errantes ordas,
abaifadas, famintas, sin ventura,
a tirare as suas lordas
bajo a extrana quentura
d'outro sol.
¡Raza pacente e moll!
Si ja n'atura
o teu ben tanto mal,
e o lobo baixa ao val,
tu rube á serra;
que a labarada ardente e trágica do facho
envolva n'un refacho
de fogo dardejante, de chamaz e de luz
as laceiras da Terra
¡Irmaos, queimemos ista cruz!

VICTORIANO TAIBO.

Novas do mundo

Edward Varela atópase nos Estados Unidos. Foi aló c'o ouxeto de buscare unha base financeira para o movemento redenzonista irlandés e para ver de conseguire d'aquela gran República que reconeza a independencia da Verde Erin. Si esta independencia chega, Edward Varela tería de

ser o presidente da primeira República d'Irlanda.

O que aquel país celta, irmán noso pol-o sangue é para Inglaterra, eyo Galicia para Hespaña.

Na dixerá un día Alfredo Brañas:

Coma en Irlanda

érguete e anda

Irlanda, a irmá Irlanda, conta con tódal-as nosas simpatías agarimosas no seu pleito de xustiza.

Nós que ademiramos moito a Inglaterra, inda a teríamos d'ademirar mais na data xurdia e groriosa en que o pobo irlandés seia libre. O sangue de Casament ven xermolando e romatará dando froito. Tódal-as redenciós custaron vítimas. Tódal-as grandes causas tiveron mártires.

Despois das conferencias de Xenius en Lisboa, nasceu en Portugal un sentimento de solidaridá co catalanismo.

Isto ten de servirenos de leición. Aló, onde sô en Lisboa hai mais de trinta mil leiras de galegos, é forzoso pol-o comenente irmos a pranteare o noso pleito redenzonista. Cando a irmandade co'a nobre Lusitania s'estreite, e ista nos tenda os brazos en xeito transcendente, Galicia escomenzará a xurdir no orde internazonal.

X.

UN MITIN GALEGUISTA

Na parroquia de Lanzós, Vilalba, fíxose un gran mitin público galeguista e anticaciquil ó que asistiron coma ouradores Lois Pena Novo e Antón Villar Ponte.

Colleitouse espréndido froito. Os nosos amigos de Vilalba, traballan arreo e con fondo entusiasmo. Van cercando a villa con comités galeguistas. Xa os hai en Santaballa, Cuesta e agora en Lanzós. Todos levan ós actos públicos as suas bandeiras galegas.

A porpaganda é tan axeltada que ben se pode afirmare que si Vilalba fose distrito de seu: non anexo da circunscripción moura e absurda de Lugo morto, axíña ofecedería un diputado da nosa causa.

Persidente do comité de Lanzós e un rapaz de moito valimento. Vilalba e Monforte, son os únicos pobos d'inos da triste provincia luguesa, pol-o d'agora.

¡Ben!-a eles!

Peneirando...

Un boletín d'Ortigueira orgo dos caciques preguntaba: "¿E o ferrocarril da Costa? Sobre d'el pesa unha lousa de promo.."

Pesa a lousa de promo do caciquismo que defende aquel boletín.

II II II

Din que unha compañía norteamericana pensa facer antre o Seixo e Mtgardos unhos altos fornos, unha factoría naval e outras cousas.

De sere isto certo, supoñemos que Viveiro, Ortigueira e Villadrid estarán d'embora porque aquela compañía tería que tendere unha liña de ferro pol-a costa galega para o arrastre do mineira!

Y-entón, ¿por qué haberíamos de sentir agradecimento? Pol-os hespañoles ou pol-os yanquis? O Estado hespañol é o millor axente de deshispanización.

II II II

Un botarate que dende Cuba manda artigos á Voz dolase de que Lázaro—tenor catalán que áchase na Habana—fose requerido n' unha función para que cantase algunhas cancións catalanas.

E a iste desexo da colonia catalana chamáballo o artillista separatismo.

¡Para qué ademitrán tantas parvadas nos xornaes galegos!

II II II

Sempre nos veñen dicindo que a Cruña é o

país das folgas. Sempre os xornás cruñeses, poñen d'exemplo a Vigo.

¡E agora resulta que en Vigo os obreiros de taller e mall-os tripulantes dos vapores pesqueiros están en folga dende fai dous meses!

Vigo n'oustante, val pra riba; como van Barcelona, Bilbao, Valencia, Sevilla e Gijón, onde rexistráranse ó ano moitos mais paros que na Cruña.

O atraso da Cruña, non é, non, por mor dos obreiros. E por mor dos capitalistas florantes e coreños. Hal que fartarse de repetilo.

II II II

Vigo e mais Ferrol son as dúas cidades importantes de Galicia que se ven libres da praga noxenta do flamenquismo.

Nin en Vigo nin no Ferrol temos prazas de touros.

En Lugo, quixeron facela, e fracasou o empeño. Logo d'un ridículo intento.

Mais se consolán co'a de Sarria. E contan coma unha gloria provincial ó *Celita*.

En troques, ríronse de Corredoira, esquen-céronse de Pastor Díaz e de Porteiro.

E adoran a Pepe Benito *and company*. ¡Lugo morto, Lugo mortol...

II II II

Ofercéuselles un xantar, perto do Ferrol, ós novos deputados provinciales de ruero pol-o distrito Ferrol-Ortigueira.

Xantando están ben. Ise agasallo foi simbólico.

Dóenos que o boticario de Cedeira, Sr. Vllabrilie non poldera asistir a él. ¡O probe Vllabrilie que desexaba ser tamen diputadifíol... Contando c'o cunelro Gullón, e sin contar para nada c'o pobo.

II II II

Picorete quixo xugar c'os inxenheiros civís. Coidou qu'eran parvos.

Todo quer imitare ise persoaxe de Eça de Queiros.

Mais os inxenheiros conecen a Picorete.

¡Qué chistoso megalómano!

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

MATERIAES DE CONSTRUCCION

Cemento Asland

Madeiras -- Carbón

CENTRO XENERAL DE SEGUROS

IGNACIO PEDREGAL


NA CRUÑA

Fábrica de Xergons

e catres metálicos

ORZAN 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)



Grandes Talleres

DE LAVADO E PRANCHADO
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos (A Cruña: Cantón Pequeno, 12
centraes (Vigo: Praza da Constitución, 12


Sucursaes (Estreita de San Andrés, n.º 12
na Cruña (Praza de Azcárraga, n.º 4
Fernández Latorre, 76 e 84

Sucursal en
Vigo (Círculo, n.º 5

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu'é reprodución da marca de garantía eiquí estampada.

Recíbense encargos de fora, y-espidense por meio das nosas sucursaes.

Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.



Chargeurs Reunis

Compagnie française de Navigation a vapeur

SERVICIOS REGULARES

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bos-Aires, por vapores con inmellorabre acomodo para pasaxeiros

Para informes diríxanse ós Axentes xeneraes en Hespaña

Antonio Conde, Hijos

Praza d'Ourense, 2

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE
XUAN VAZQUEZ PEREIRO

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rúa estreita de San Andrés. — A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades fedos e traballades sin sentir o máis cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? Porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores produtos i-a limpeza mais eisquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS

GRAN HOTEL, RESTAURANT E CAFÉ

“La Perla,”

Director Propietario: **RAMON BARRIO**

Ruas de Juana de Vega, 23 é Fonseca, 3 (toda a manzán)

Hai automóvil e lancha-motora, propiedade do Hotel, ao servizo dos señores viaxeiros

E o Hotel mellor e mais moderno da Cruña

False cárrago de todas as cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Telef. 431

Os viños e coñás millores

son os qu'eiporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÉPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUVIDO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

Lloyd Real Holandés

Amsterdam

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saídas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, intermedia e 3.ª clás.


Pra informes respeito a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO.



FRÁBICA MECÁNICA DE CALZADO

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28
O MELLOR SERVIZO

— DE —

M. Losada Prado
A CRUÑA

LA SALUD CASA DE BAÑOS

A millor da Cruña

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

SASTRERÍA

DE

AMBROSIO GUDE

RUA REAL, 59-1.º

N-este acreditado establecemento, que conta co'a clientela máis elegante da Cruña, fánse traxes á medida, uniformes militares e demais prendas de vestir.

Todo con arreglo á derradeira moda.

Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés ROUCH

Rejuvenecedor ROSTTAM pra os animaes, debles, pra que as galliñas poñan máis ovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.ª—A CRUÑA

VIÑOS FINOS RIOXA - MEDOC

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raíña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Farmacia Europea

— DE —

López Abente

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da súa crase que máis honran a Galicia. Montada con arreglo ós derradeiros adiantos.

EFFECTOS NAVALES

DE

FERRER Y COMPAÑÍA—SUCESORES

F. BERTRAN e MIRAMBELL

VIGO e A CRUÑA

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBEIRÍA


— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA

Establecemento de primelro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos hixiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, lociós e fricciós de todas clases.

Nota: N'este establecemento atopará o público un servizo permanente a cárgo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.



COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

A primeiro de Agosto aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para á Habana e Veracruz o rápido paquete correo

VENEZUELA

Prezos do pasaxe (incruadol-os impostos)

| | Habana | Veracruz |
|----------------------------------|----------------|----------|
| Ponte paseo: | | |
| Camarotes de luxo. | Ptas. 2.053'75 | 2.138'75 |
| Id. exteriores | > 1.668'75 | 1.753'75 |
| Primeira crase } Ponte superior: | | |
| Camarotes exteriores | > 1.498'75 | 1.593'75 |
| Id. interiores | > 1.293'75 | 1.378'75 |
| Ponte inferior. | > 1.293'75 | 1.378'75 |
| Segunda crase | > 1.103'75 | 1.088'75 |
| Preferencia. | > 808'60 | 798'60 |
| TERCEIRA CRASE. | > 328'60 | 343'60 |

DON NICANDRO FARIÑA

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hasta que teña a conformidade do Consinariato de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo